

ASUNTO PLE/2022/00040905L

ACTA NÚM. 16 - SESIÓN EXTRAORDINARIA 12 DE SETEMBRO DE 2022

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **09:31 horas** do día **12 de setembro de 2022**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asisten o/a concelleiro/a Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela e Dona Navia Rivas de Castro, o señor alcalde xustifica a ausencia de ambos.

ORDE DO DÍA:

1. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00043131H.

Ratificación para a inclusión na orde do día e aprobación, se procede, do Plan de Acción Local da Axenda Urbana Española do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela.

2. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00040171K.

Nova exposición pública da modificación puntual do Título III do PXOM. Regulación de usos.

3. TESOURERÍA. Referencia: 2022/00020496B.

Modificación da Ordenanza 1.03 Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana

4. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00037111C.

Aprobación de expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-13 financiado co RLTGX 2021, e imputación orzamentaria dos pagos efectuados mediante adeudo directo en conta bancaria de titularidade municipal durante o ano 2021.

5. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00039752Q.

Proposta de aprobación plenaria de expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-06 de Informática para completar a achega municipal para o proxecto denominado “Despregamento de SOC para o Concello de Santiago de Compostela compatible con ferramentas do CCN, e actuacións complementarias”, baixo a codificación 2022 2 NGINF 11.

6. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00036589G.

Proposta ao Pleno da Corporación sobre a forma de xestión do servizo do ciclo integral da auga en Santiago de Compostela.

7. ALCALDÍA. Referencia: 2022/00039969A.

Determinación dos días festivos locais para o ano 2023.

En primeiro lugar gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación e antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día teñen lugar as seguintes intervencións:

Dona Estrella Ferreiro e Don Rafael Rodríguez, ambos en relación ao asunto da orde do día que figura como punto número 2.

Cumpriméntase así:

1.PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00043131H.Ratificación para a inclusión na orde do día e aprobación, se procede, do Plan de Acción Local da Axenda Urbana Española do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela.

A proposta ten o seguinte contido:

“Proposta da Alcaldía de Aprobación do "Plan de Acción da Axenda Urbana de Santiago de Compostela" dando cumprimento ao esixido na “Orde TMA/957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrência competitiva” da que o Concello de Santiago é beneficiario para o proxecto Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela

I ANTECEDENTES:

1.O 25 de xuño de 2020 o Concello de Santiago aproba en Pleno o inicio das tarefas de posta en marcha da Axenda Urbana 2030 para Santiago de Compostela coa análise da situación e coa elaboración dun plan de localización e implementación dos ODS da Axenda 2030 así como a adhesión á "Rede de entidades locais para a Axenda 2030" impulsada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), sumándose así a este movemento global.

2.O 8 de abril de 2021 asínase o protocolo entre a Secretaría xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, e o Concello de Santiago no que se recolle a colaboración entre ambas entidades para a realización dun Plan de acción por parte da entidade municipal que sirva de proxecto piloto para outros municipios no ámbito da Axenda Urbana Española. A Axenda Urbana Española, tomada en consideración polo Consello de Ministros o 22 de febreiro de 2019, é a folla de ruta que vai marcar a estratexia e as accións a levar para facer dos pobos e cidades ámbitos de convivencia amables, acolledores, saudables e concienciados. É tamén unha política con capacidade de acelerar a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) en todas aqueles fitos que ten unha compoñente territorial e urbana e, en particular, o ODS 11 sobre cidades sostibles, inclusivas, seguras e resilientes. Constitúe un verdadeiro "menú á carta" para que todos os actores, públicos e privados, que interveñen nas cidades e que buscan un desenvolvemento equitativo, xusto e sustentable desde os seus distintos campos de actuación, poidan elaborar os seus propios plans de acción.

3.Con data de 13 de setembro de 2021 publícase no BOE a Orde TMA/957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrência competitiva.

Analizadas as bases reguladoras desta orde, e visto o proceso xa iniciado polo Concello de Santiago na elaboración da súa Axenda Urbana, e a adecuación do mesmo ao requerido nos artigos 1, 3 e 5 das citadas bases, considérase que o proxecto de Axenda Urbana xa iniciado no Concello no marco das actividades do programa municipal Compostela Móvese cumpre os criterios requeridos pola convocatoria para a súa presentación á mesma, e en particular estaría enmarcado dentro dos supostos establecidos no artigo 5 punto 1 a) ao ter xa asinado con data de 8 de abril de 2021 o protocolo entre a Secretaría xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, e o Concello de Santiago no que se recolle a colaboración entre ambas entidades para a realización dun Plan de acción por parte da entidade municipal que sirva de proxecto piloto para

outros municipios no ámbito da Axenda Urbana Española, o Concello de Santiago presenta solicitude para esta convocatoria.

4. Con data de 11 de decembro de 2021 o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dicta resolución definitiva da citada convocatoria de axudas, concedendo ao Concello de Santiago para a realización deste proxecto unha axuda por importe de 200.000,00 euros.

5. Ao longo do ano 2022 realízanse os traballos de posta en marcha da fase de revisión da diagnose, fase participativa e fase de redacción do Plan de Acción. No marco do “Convenio de colaboración do Concello de Santiago Universidade de Santiago de Compostela que ten como obxecto subvencionar a realización das accións “Dirección executiva da Axenda Urbana de Santiago de Compostela, dentro do PEAL” e “Xestión do Comité Socioeconómico” de acordo cos obxectivos plantexados no marco do programa Compostela Móvese2022 aprobado en Xunta de Goberno de 13 de xuño de 2022” establécese unha colaboración coa Universidade, que nace con vocación de permanencia ao longo da vida útil do proxecto de Axenda Urbana para que a dirección executiva desta iniciativa sexa asumida polos profesores María Cadaval e Santiago Lago.

6. A dirección executiva da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela tivo como función concibir e reunir as comisións técnicas e organizar diferentes actividades de exploración para recadar as propostas que configurarán a Axenda 2030 de Compostela na vindeira década.

Dende o mes de marzo ate xullo, ámbolos dous incluídos, a dirección executiva organizou grupos de impulso e seguimento (GIS), que se reuniron mais dunha ducia de veces ate tecer un documento propositivo consensuado por todas as persoas participantes, así coma tamén por todos os grupos e formacións políticas representadas no Concello e distintas entidades, asociacións e grupos de interese que se convocaron e participaron neste proceso. De xeito paralelo os directores da Axenda reuníronse con numerosos axentes e persoas que teñen importancia no devir da execución das propostas. Para todas aquelas persoas que non tiveron oportunidade de participar nas xuntanzas anteriores foron habilitados diferentes métodos de participación: a través da páxina web creada ao efecto www.axendaurbana2030santiago.gal, accións formativas e de recollida de propostas nos centros socioculturais, educativos e noutro tipo de eventos, como pode ser o Maker Faire Galicia, celebrado na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. O documento propositivo final aprobouse no Consello Económico e Social da Cidade, reunídonse CES no mes de xullo.

1. O obxectivo xeral do proxecto foi elaborar un documento propositivo para avanzar na implantación da Axenda Urbana 2030 en Santiago de Compostela, inserida dentro do marco de referencia estratéxica da Axenda Urbana Española, co fin de acadar un modelo urbano de futuro, tratar de preservar e potenciar a tradición urbanística das cidades compactas e construír espazos urbanos seguros, que cedan protagonismo á vida en sociedade e potencien a diversidade. Con tal propósito, a partir da diagnose da cidade, discutíronse os aspectos fundamentais da mesma e consensuáronse as medidas e accións específicas que deben formar parte da execución (3ª fase do PEAL). Os seis grupos de traballo abordaron os seguintes temas: base económica, dimensión cidadá, mobilidade e territorio, cohesión social, educación, patrimonio e arte, sustentabilidade e transición verde, coa dixitalización e a igualdade de xénero de xeito transversal. Todos eles acabaron consensuándose nun único documento.

2. De xeito específico o obxectivo era recoller nun só documento consensuado as achegas e aportacións que os distintos persoas que participaron foron facendo. Este documento foi aprobado polo Consello Económico e Social e entregado á oficina de promoción económica (CERSIA) o día 28 de xullo do 2022.

Dito documento está recollido íntegramente no apartado dous “DOCUMENTO ESTRATÉGICO PROPOSITIVO Y DE CONSENSO AGENDA URBANA 2030 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA” do “Plan de Acción de la Agenda Urbana de Santiago”.

7. En base a este marco estratéxico seguindo a metodoloxía da Axenda Urbana Española constrúese o Plan de Acción da Axenda urbana 2030 de Santiago de Compostela aliñando cada un dos Grupos de Impulso e Seguemento con unha dimensión da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela, e cada unha das propostas e reflexións contidas no documento estratéxico con 25 obxectivos estratéxicos propios e 39 liñas de acción. Estas 39 liñas de acción, contribúen aos 10 obxectivos estratéxicos e 30 obxectivos específicos da Agenda urbana española, así como aso obxectivos de desenvolvemento sostible da Agenda 2030 de Nacións Unidas.

8. O documento complétase coa proposta de modelo de gobernanza da iniciativa no que se recolle o seguinte “ *O proceso da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela é un proceso de participación continua e o documento aprobado en pleno, aínda que é un fito importantísimo no mesmo, abre paso a un proceso de participación aínda maior que o xa realizado no que:*

-Continuarán os traballos no marco do Consello Económico e Social da cidade, os Grupos de Impulso e Seguimento, agora coa finalidade de revisar, actualizar o documento, priorizar as iniciativas que no se propoñen e traballar en suposta en marcha a través do impulso das mesmas.

-Ao pleno daráselle conta periodicamente dos avances no traballo dos GIS no marco do Consello Económico e Social. Será o pleno o que aprobe as actualizacións dos documentos da Axenda e/ou se poderá expor a elevación como propostas ao Pleno de determinadas iniciativas para a súa transformación en iniciativas municipais ou para que o Concello impúlseas diante doutras administracións e organismos, a pedimento do Consello Económico e Social da cidade.

-Continuaranse realizando cuestionarios de participación cidadá directa nun proceso similar ao xa realizado, que poden axudar na priorización de iniciativas complementando o traballo do Consello Económico e Social, acompañados de talleres/actividadesdivulgativas/actividades formativas que fomenten a participación.”

O documento que se aproba da conta dos traballos efectuados ata o 1 de setembro de 2022 no marco deste proxecto, empregando a metodoloxía da Axenda Urbana Española e dando cumprimento ao esixido na “Orde TMA/957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva” sendo precisa a aprobación en Pleno antes do día 12 de setembro de 2022 do documento de Plan de Acción para a correcta xustificación do proxecto ante o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda

Urbana.

II CONSIDERACIÓNS:

A Lei 5/2014 do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada envigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local; establece no seu artigo 3.3 b) que non se considerará como exercicio de novas competencias a continuidade das actividades xa establecidas en exercicios anteriores, caso no que enmarca a presente liña de actividades.

O programa Compostela Móvese integra continuando coa liña aberta en anos anteriores baixo o nome Santiago Investors Support (lanzado no ano 2011), Compostela Activa (lanzado no ano 2001) ou Rede de Cooperación Local (lanzado no ano 2005) todas as accións da Oficina de Promoción Económica relacionadas co apoio a cultura emprendedora, á creación de novas empresas, á mellora da competitividade empresarial e á dinamización socioeconómica do municipio.

A Oficina de Promoción Económica leva apoiando a posta en marcha de procesos de planificación estratéxica dende a súa creación no ano 2004, existindo ademais esta liña de traballo e actividade con anterioridade a esadada no marco das accións da extinta Axencia de Desenvolvemento Local.

Dende a súa creación esta oficina ten participado nos traballos de elaboración do Plan Estratéxico de Santiago de Compostela, na Axenda 21, nos proxectos Urbana Santiago Norte e EDUSI Revive Santiago; participando ademais na elaboración de moita, cando non instando directamente a súa elaboración, da documentación de planificación estratéxica sectorial relacionada neste informe.

Segundo o establecido no artigo 3 puntos a) e b) da Lei 5/2014 do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Li 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; polo tanto a continuidade desta liña de traballo no ámbito da planificación do desenvolvemento territorial que implica a posta en funcionamento da Axenda Urbana 2030 en Santiago de Compostela non poden ser consideradas exercicio de novas competencias.

A aportación propia precisa para o inicio e continuidade das actividades precisas para o correcto funcionamento do proxecto da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela non cubertas pola financiación obtida no marco da convocatoria Orde TMA/957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva" realizouse con fondos propios do Concello de Santiago de Compostela no marco dos programas Compostela Móvese non comprometendo a sustentabilidade financeira do Concello de Santiago e non supoñendo ademais unha reiteración ou duplicidade sobre as actividades realizadas pola Xunta de Galicia en materia de promoción dos ODS, organismo co que a raíz da adhesión do Concello de Santiago ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía se traballa de xeito coordinado.

A falta dunha lei que determine o camiño a seguir con estas competencias que non

poden considerarse no actual marco legal, propias, delegadas nin de novo exercicio consideramos que ao non comprometer a sustentabilidade financeira do Concello e ao non supoñer reiteración ou duplicidade sobre accións da Xunta de Galicia debería dársele continuidade a esta acción.

2. Para o procedemento administrativo, con carácter xeral, artigos 163 a 185 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 68 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As bases da convocatoria para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana

PROPOSTA

Visto o documento que se acompaña a esta proposta de Plan de Acción da Axenda Urbana de Santiago de Compostela, e a súa adecuación ao esixido pola "Orde TMA/957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva" propónse:

1. Aprobar o documento Plan de Acción da Axenda Urbana de Santiago de Compostela.
2. Dar traslado deste acordo e do documento de Plan de Acción para a correcta xustificación da axuda concedida para o proxecto de Axenda Urbana de Santiago de Compostela con data de 11 de decembro de 2021 ante o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana."

Previa inclusión do presente asunto na orde do día acordada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (10 PSdeG-PSOE e 1 BNG) e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP e de CA (7 PP e 5 CA), acorda:

1. Aprobar o documento Plan de Acción da Axenda Urbana de Santiago de Compostela.
2. Dar traslado deste acordo e do documento de Plan de Acción para a correcta xustificación da axuda concedida para o proxecto de Axenda Urbana de Santiago de Compostela con data de 11 de decembro de 2021 ante o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

2. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00040171K.

Nova exposición pública da modificación puntual do Título III do PXOM. Regulación de usos.

A proposta é do seguinte teor literal:

“A xefa da Sección de Xestión Urbanística, con data 31 de agosto de 2022 e en relación co expediente de referencia, emitiu o seguinte informe, ao que presta o seu conforme o secretario xeral do Pleno:

“1. ANTECEDENTES

O Pleno Municipal aprobou inicialmente, con data 12 de marzo de 2021, unha Modificación puntual (MP), formulada polos Servizos Técnicos Municipais, que afecta ás seguintes disposicións da vixente Normativa urbanística do *Plan xeral de ordenación municipal* (PXOM):

- Normas xerais e condición de uso reguladas nos artigos 103 a 120 (Capítulo I do Título III)
- Ordenanza do sistema de equipamento e dotacións (artigo 136, Capítulo III do Título III)
- Ordenanzas reguladoras do solo urbano (artigos 138 a 151, Capítulo IV do Título III),
- Ordenanzas reguladoras do solo de núcleo rural (artigos 153 e 154, Capítulo V do Título III)
- Disposición final primeira (Derrogación e adaptación do planeamento anterior).

2. RESULTADO DO TRÁMITE DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E INFORMES SECTORIAIS

A MP aprobada inicialmente o 12.03.21 someteuse a **información pública** durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* o día 16.03.2021, así como no taboleiro de edictos do Concello.

En cumprimento do disposto polo artigo 60.7 da LSG, con data 8.10.2021 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe sobre o resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes e dos informes sectoriais autonómicos preceptivos.

No referido trámite obtivéronse os informes do Concello de Boqueixón, da Dirección Xeral de Planificación e Protección Civil, da Subdirección Xeral de Recursos Minerais, do Instituto de Estudos do Territorio (IET), do organismo autónomo Augas de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC).

Os informes emitidos non formulan obxeccións ou reparos á Modificación proposta, indicándose polo IET a necesidade de referir na Memoria a incidencia sobre a paisaxe.

O informe da DXPC avalía positivamente os obxectivos e as determinacións da MP, que estima orientadas a unha axeitada conservación do patrimonio cultural da cidade, e lembra a conveniencia de incluír na normativa algunha disposición relativa ao cumprimento da lexislación do patrimonio cultural de Galicia.

Pola súa banda, o Concello de Santiago solicitou informe á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, e ás Direccións Xerais da Rede Ferroviaria, Aviación Civil e

Telecomunicacións. Así mesmo, e en cumprimento do esixido pola Lei 34/1998 do sector de hidrocarburos (artigo 5) solicitouse a emisión de informe á Delegación do Goberno.

No expediente constan os informes emitidos pola Dirección Xeral de Planificación e Avaliación da Rede Ferroviaria, pola Dirección Xeral de Telecomunicacións e pola Demarcación de Estradas do Estado, todos eles favorables á Modificación.

Non constan emitidos os informes que se solicitaron á Dirección Xeral de Aviación Civil, á Delegación do Goberno, e ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF). Tendo xa transcorrido o prazo de 3 meses dende a súa solicitude, sen que se teña recibido resolución expresa, procede continuar o procedemento consonte ao disposto polo artigo 80.4 da Lei 39/2015 e normativa sectorial aplicable.

Durante o trámite de información pública formuláronse 29 escritos de alegacións, que constan analizadas polo miúdo nun informe emitido pola arquitecta de Planeamento o día 31 de agosto de 2022, ao que expresamente me remito para os efectos de proporcionar unha resposta motivada ás alegacións presentadas.

Como complemento ao informe técnico de alegacións, procédese deseguido a engadir algunhas consideracións xurídicas sobre as cuestións formuladas.

Sobre a limitación do aluguer turístico das vivendas

En contra do que parecen entender algún alegantes, o obxecto da MP non é limitar as vivendas de uso turístico, senón ordenar os usos urbanísticos pormenorizados nas distintas zonas e ordenanzas da cidade, segundo esixe a vixente lexislación do solo (artigos 4.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, 114 do seu Regulamento, e 3 do Texto refundido da Lei do Solo).

A **cualificación urbanística** do solo é unha función pública reservada ao planeamento, que consiste na asignación de usos globais e pormenorizados, diferenciando o uso principal dos complementarios e/ou compatibles. A regulación detallada dos usos compatibles ten por obxecto asegurar a prevalencia do uso principal -normalmente o residencial-, de xeito que todos os demais deben acompañar ou coadxuvar ao principal, pero nunca competir con el ou desprazalo.

A función social da propiedade esixe que os poderes públicos ordenen os usos do solo e das edificacións ao servizo do interese xeral e do dereito constitucional de acceso á vivenda (artigo 47 da Constitución Española). Así, o Texto refundido da Lei do Solo (RD lexislativo 7/2015) dispón que o solo vinculado a un uso residencial pola ordenación territorial e urbanística está ao servizo da efectividade do dereito á vivenda (artigo 3.4). Así mesmo, obriga aos plans urbanísticos a integrar no tecido urbano cantos usos resulten compatibles coa función residencial, favorecendo a diversidade de usos, e a aproximación dos servizos e dotacións á comunidade residente (artigo 3.3.g)

Dende sempre os plans urbanísticos buscan protexer a función residencial da cidade -concibida como lugar de residencia habitual-, de xeito que os outros usos e actividades se admiten de forma subordinada ou complementaria da función residencial, procurando un axeitado equilibrio de usos.

Porén, este equilibrio vese alterado naquelas zonas nas que o uso residencial resulta cada vez máis desprazado por usos terciarios de aloxamento temporal e outros vinculados ao turismo. Nos últimos anos obsérvase que as cidades con gran afluencia de visitantes padecen procesos de “*gentrificación*” ⁽¹⁾ e de *simplificación funcional*, orixinados porque os usos tradicionais se substitúen ou se reorientan para atender só ao visitante, desaparecendo os servizos de proximidade. Todo isto desemboca nun sentimento xeral de “*extrañamiento*”, de desapego dos residentes que se ven “*desposeídos*” dun espazo que cada vez se recoñece como menos propio ⁽²⁾

Dentro das formas de aloxamento temporal, resulta especialmente preocupante o crecemento ilimitado do aluguer turístico das vivendas, posto que supón na práctica a “*hotelización*” das vivendas, que abandonan así o mercado residencial e deixan de estar accesibles para os residentes.

Non entanto o anterior, o obxectivo da MP non é prohibir a utilización da vivenda para o aluguer turístico; antes ben, permite desenvolvelo en todas as vivendas e zonas da cidade, pero con suxeición a determinados requisitos ou límites, que eviten a desaparición do seu uso residencial. A esta finalidade obedece a consideración da actividade de hospedaxe como un uso *asimilado* a vivenda, cando concorren os requisitos ao efecto sinalados no artigo 107.4 da normativa.

Pero ademais tamén se autoriza como uso *compatible* en moitas zonas da cidade, en planta baixa ou en planta primeira -segundo os casos- de forma análoga ao regulado para outros usos terciarios (comercial, oficinas). Esta regulación por *posición en planta* é unha técnica tradicionalmente empregada polo planificador para asegurar o equilibrio ou mestura de usos nas zonas residenciais. É habitual que nestas zonas os usos terciarios e/ou industriais só se permitan nas plantas inferiores, polo que resulta coherente aplicar o mesmo tratamento ás actividades terciarias de aloxamento turístico. En contra do que parecen interpretar algún alegantes, a MP non pretende outra cousa que ordenar os usos terciarios ao servizo preferente da función residencial, empregando ao efecto as técnicas propias do planeamento urbanístico.

Así, a regulación proposta responde a criterios técnico-urbanísticos de emprazamento do uso característico residencial e das actividades complementarias que proporcionan servizos á poboación residente (comerciais, oficinas, equipamentos), integrando as de aloxamento temporal de xeito que non acaben por desprazar ás anteriores.

O PXOM vixente defende o modelo básico da cidade residencial, entendida como lugar de residencia habitual no que os residentes poden atopar os servizos urbanos precisos para un desenvolvemento axeitado.

Sobre a esixencia de estudos previos

Nalgunhas alegacións adúcese que a MP carece de estudos previos que analicen o impacto do aluguer turístico na cidade.

¹ Aínda que na súa formulación orixinal, alude ao proceso de substitución dos residentes orixinais por residentes de maior renda (*gentry*), na actualidade tamén se utiliza para describir o proceso de substitución de poboación residente por visitantes ou poboación flotante non vinculada ao lugar.

² Calle Vaquero, M de la (2019). *Turistificación de centros urbanos, clarificando el debate. Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 83.

Como xa se explicou antes, cando a vivenda se dedica con carácter permanente ao aluguer turístico, deixa de estar accesible para os residentes, sendo esta unha evidencia que non precisa maiores estudos. O que se pretende coa MP é regular a compatibilidade dos distintos usos terciarios (comercial, industrial, aloxamento temporal), asegurando o predominio do uso residencial característico e dos servizos ao residente, consonte aos principios de desenvolvemento urbano sostible recollidos no TRLS.

A Directiva 2006/123 do Parlamento Europeo -Directiva de Servizos- habilita o establecemento de restricións á libre prestación de servizos con base en *razóns imperiosas de interese xeral*, considerando como tales a protección do medio ambiente e do entorno urbano, incluída a planificación urbana e rural (considerandos 40 e 56)

A sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de data 22.09.2020 (*Cali Apartments*, París) admite claramente, sen necesidade de achegar maiores xustificacións, que a limitación da actividade de aluguer turístico das vivendas obedece a unha razón imperiosa de interese xeral, como é a loita contra a escaseza de vivendas dedicadas ao aloxamento de residentes. E declara que esta medida resulta ademais proporcionada ao obxectivo perseguido, pois non pode acadarse cunha medida menos restritiva. E conclúe que a normativa urbanística municipal pode condicionar, de forma transparente e accesible, a autorización deste uso atendendo a obxectivos de diversidade social, ás características do mercado local de vivendas e á necesidade de paliar a escasa oferta de vivendas de aluguer residencial.

No mesmo senso pronúnciase o Tribunal Supremo na sentenza 1550/2020, que desestima un recurso interposto pola Comisión Nacional de Mercados e Competencia contra unha Modificación puntual do Plan xeral de Bilbao, que cualifica a vivenda de uso turístico como un uso terciario -non residencial-, limitando a súa implantación ás plantas baixas dos edificios residenciais. O TS afirma que as Entidades locais están plenamente lexitimadas -e mesmo obrigadas- a promover a ordenación urbanística precisa para conciliar o dereito á vivenda coa utilización de determinadas vivendas para uso turístico. A sentenza refire un **urbanismo cambiante**, no que ten cabida a loita contra o vaciamiento residencial e contra a *gentrificación*, que altera a forma de vida dos residentes e deteriora a autenticidade dos lugares, expulsando da cidade aos seus residentes habituais.

Non é certo que a MP pretenda limitar a implantación dos usos turísticos de forma arbitraria ou indiscriminada, senón só na xusta medida e proporción na que poidan desprazar ao uso residencial. Para iso, non é preciso analizar cal é a oferta nin a demanda actual de vivendas de uso turístico na cidade, aínda que na Memoria informativa inclúese como Anexo os diferentes estudos realizados. Pero o que se analiza é cal sería a proporción *ideal* de usos (residencial/terciario), necesaria para garantir un axeitado equilibrio urbano nas distintas zonas da cidade. Para efectuar esta análise, devén irrelevante se existen implantadas poucas ou moitas vivendas de uso turístico, ou cal sexa a oferta e demanda deste tipo de aloxamentos. O planeamento non pretende unha regulación *reactiva* -dirixida a reducir ou a implementar os usos turísticos existentes- senón *proactiva*, isto é, dirixida a asegurar o predominio do uso residencial característico da cidade, mediante o emprego das técnicas urbanísticas de zonificación, cualificación e posición en planta, que son as que se veñen empregando dende sempre para a ordenación dos usos terciarios nas zonas residenciais.

Non ofrece dúbida que a regulación proposta na MP fundaméntase en motivos de interese xeral, e persigue obxectivos de interese público, como así o ten corroborado a máis recente doutrina xurisprudencial neste eido; polo tanto, é aos alegantes aos que incumbe a carga da proba, é dicir, son eles os que deben acreditar que a administración municipal está a exercer a súa potestade de planeamento de xeito irracional, arbitrario ou afastado dos intereses xerais, cando ordena a correcta integración dos usos terciarios no tecido residencial (artigo 3.3.g TRLS)

Sobre o alcance da MP

O obxectivo principal da reforma é asegurar a prevalencia do uso característico en todos os ámbitos e ordenanzas de uso residencial segundo o planeamento vixente. O que se pretende é manter o modelo de cidade residencial previsto no PXOM vixente, evitando que outros usos terciarios poidan desprazar ou substituír ao residencial. Non se efectúa unha *Revisión* do modelo territorial deseñado no PXOM, nin se altera o uso global característico ou predominante das distintas zonas, senón que se ordenan os usos compatibles de forma subordinada ao uso principal (residencial), isto é, ao servizo da poboación residente, pois así o esixe a lexislación básica estatal (artigo 3 TRLS).

Tampouco é certo que a MP beneficie ás actividades turísticas xa implantadas, posto que, como calquera outra reforma normativa, carece de eficacia retroactiva, non podendo afectar ás actividades que se tiveran implantado legalmente antes da súa entrada en vigor, isto é, a aquelas que dispoñan dun título habilitante municipal previo á entrada en vigor da MP.

Por último, é preciso lembrar que a MP non afecta ás competencias sectoriais doutras administracións; o emprazamento de usos e actividades é unha competencia inherente ao planeamento urbanístico, que en nada obsta ao exercicio das competencias propias doutras administracións. Así, por exemplo, o inicio da actividade de uso turístico require autorización da Xunta de Galicia, limitándose esta a comprobar o cumprimento da normativa turística. Pero, ademais, calquera actividade esixe o título municipal habilitante de natureza urbanística, co obxecto de comprobar a compatibilidade do uso co planeamento urbanístico, xunto cos outros requisitos e condicións establecidos na normativa urbanística. Trátase de ámbitos competenciais distintos e separados -o turístico e o urbanístico-, como así recoñece tanto a lexislación do solo de Galicia (artigo 144.4 da LSG) como o mesmo Decreto 12/2017 no seu artigo 42:

Esta habilitación para o desenvolvemento da actividade turística non exime ás persoas propietarias ou que comercialicen a vivenda da obriga de obter as autorizacións, permisos, licenzas e/ou informes que establezan as distintas normativas sectoriais e municipais que lle son de aplicación.

Sobre a necesidade de modificar a Estratexia de actuación e o Estudo económico financeiro do PXOM vixente

Os artigos 59 da LSG e 143 do RLSG definen cal é o obxecto e contido da Estratexia de actuación e do Estudo económico financeiro do Plan xeral, así como os da memoria de viabilidade e de sostibilidade económicas.

Os citados documentos fan referencia á implantación dos servizos e dotacións públicas previstos no Plan xeral, para o que deben definir o programa e o custo da súa

execución, así como avaliar a súa viabilidade para os propietarios e a súa sostibilidade para a facenda pública.

A MP non delimita novos ámbitos de transformación urbanística, nin prevé novos servizos ou dotacións públicas que esixan modificar a Estratexia nin o Estudo económico do PXOM.

A maior ou menor “*rendabilidade económica*” dos usos autorizados carece de relevancia para estes efectos, toda vez que o PXOM vixente define o uso residencial como o destinado a proporcionar aloxamento permanente ás persoas. Polo tanto, non hai necesidade de incorporar os informes de viabilidade e de sostibilidade económica, nin de revisar os vixentes Estudo económico e Estratexia do PXOM.

3. MODIFICACIÓNS PROPOSTAS SOBRE O DOCUMENTO INICIALMENTE APROBADO

A resultas das alegacións formuladas, así como doutras cuestións suscitadas, estimouse conveniente efectuar algunhas reformas no documento inicialmente aprobado.

No informe emitido pola arquitecta municipal redactora da MP faise un resumo das modificacións introducidas sobre o documento que foi sometido ao trámite de participación pública.

A maior parte das reformas son meras clarificacións ou puntualizacións na redacción da normativa, pero outras posúen maior relevancia, como é o caso da incorporación de novas zonas sensibles ou a regulación do uso terciario residencial, que substitúe ao anterior residencial comunitario, obrigando tamén a modificar a actual redacción da disposición final 16ª.

Aínda que as modificacións propostas non alteran o modelo básico do plan inicialmente aprobado, considérase que, tratándose dunha Modificación puntual do Plan xeral vixente, de alcance limitado, algúns dos cambios introducidos poden ter **carácter substancial** en comparación co documento sometido a información pública.

Polo exposto, e consonte ao previsto nos artigos 60.12 da LSG e 144.12 do seu Regulamento, estímase procedente **suscitar un novo trámite de información pública** antes de adoptar o acordo de aprobación provisional, a fin de que os cidadáns poidan coñecer o alcance das reformas propostas e formular as alegacións que estimen oportunas.

4. MANTEMENTO DA SUSPENSIÓN DE LICENZAS

A suspensión de licenzas e actos de comunicación previa derivada do acordo de aprobación inicial -adoptado o 12.03.21 e publicado no DOG de 16.03.21- mantén os seus efectos durante o prazo máximo de dous anos, a contar dende o acordo de aprobación inicial, pois así o dispón o artigo 47.2 da LSG . Sendo inhábil o día 12 de marzo de 2023, o prazo máximo de vixencia da suspensión enténdese prorrogado ao día hábil seguinte (13.03.2023), consonte ao previsto no artigo 30.5 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.”

5. PROPOSTA

Consonte ao informe emitido, **proponse ao Pleno Municipal** previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

De conformidade co disposto no artigo 60.12 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, abrir un novo trámite de información pública, polo prazo máximo de DOUS MESES, sobre os cambios incorporados ao documento reformado *da Modificación do Título III do PXOM - Regulación de usos*, elaborado pola Sección de Planeamento en setembro de 2022.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

Os cambios propostos figuran relacionados no informe da arquitecta municipal, que se incorporará como anexo ao acordo de sometemento a novo trámite de información pública.

A tal efecto publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión, así como no taboleiro de edictos do Concello.

Durante o prazo de DOUS MESES -contado dende o día seguinte ao da publicación do anuncio- as persoas interesadas poderán consultar o expediente e formular as alegacións que estimen oportunas sobre o contido das modificacións propostas.

A **suspensión de licenzas e actos de comunicación previa**, derivada do acordo de aprobación inicial adoptado o 12 de marzo de 2021 -publicado no Diario Oficial de Galicia de 16 de marzo de 2021- **manterá os seus efectos ata o día 13 DE MARZO DE 2023**, ou, de ser o caso, ata a aprobación definitiva e entrada en vigor da modificación puntual.

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente á súa sesión extraordinaria do pasado día 5, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 1 BNG) e 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PP, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

De conformidade co disposto no artigo 60.12 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, abrir un novo trámite de información pública, polo prazo máximo de DOUS MESES, sobre os cambios incorporados ao documento reformado *da Modificación do Título III do PXOM - Regulación de usos*, elaborado pola Sección de Planeamento en setembro de 2022.

Os cambios propostos figuran relacionados no informe da arquitecta municipal, que se incorporará como anexo ao acordo de sometemento a novo trámite de información pública.

A tal efecto publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión, así como no taboleiro de edictos do Concello.

Durante o prazo de DOUS MESES -contado dende o día seguinte ao da publicación do anuncio- as persoas interesadas poderán consultar o expediente e formular as alegacións que estimen oportunas sobre o contido das modificacións propostas.

A suspensión de licenzas e actos de comunicación previa, derivada do acordo de aprobación inicial adoptado o 12 de marzo de 2021 -publicado no Diario Oficial de Galicia de 16 de marzo de 2021- manterá os seus efectos ata o día 13 DE MARZO DE 2023, ou, de ser o caso, ata a aprobación definitiva e entrada en vigor da modificación puntual.

3. TESOURERÍA. Referencia: 2022/00020496B.

Modificación da Ordenanza 1.03 Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Con data do 9 de novembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real decreto-lei 26/2021, de 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVT).

A disposición transitoria única do RDL 26/2021 regula a obriga dos Concellos que teñan establecido o imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana de modificación da ordenanza fiscal para súa adaptación ao citado RDL. A redacción da disposición transitoria única é:

“Los ayuntamientos que tengan establecido el Impuesto sobre el Incremento de Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana deberán modificar, en el plazo de seis meses desde la entrada en vigor de este real decreto-ley, sus respectivas ordenanzas fiscales para adecuarlas a lo dispuesto en el mismo.

Hasta que entre en vigor la modificación a que se refiere el párrafo anterior, resultará de aplicación lo dispuesto en este real decreto-ley, tomándose, para la determinación de la base imponible del impuesto, los coeficientes máximos establecidos en la redacción del artículo 107.4 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales dada por este real decreto-ley”

O Concello de Santiago de Compostela está a esixir o IIVT e a regulación vixente é a ordenanza fiscal 1.03.

En consecuencia, por aplicación do RDL 26/2021 é necesaria a modificación da ordenanza fiscal 1.03 vixente para adaptala á regulación do citado RDL.

Con data do 27 de abril ditouse providencia de inicio para a modificación da Ordenanza 1.03 Imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana (expediente 2022/00020496B).

Con data do 28 de abril de 2022, emitíuse informe pola Tesourería municipal sobre a afectación do Real decreto lei 26/2021 á ordenanza fiscal 1.03. No apartado B.4, punto 2, do informe, indícase o seguinte:

“2.- Aos efectos de trasladar as consideracións de Tesourería sobre a afectación do RDL á ordenanza fiscal 1.03, tendo en conta que a normativa está publicada e que xa se ten analizada a cuestión coa Concellaría, emítese o informe e explícanse os cambios de xeito resumido. Proponse unha redacción da ordenanza desde o punto de vista técnico e de xestión, e indícanse os apartados “non técnicos” que a Concellaría debe incluír na proposta final que eleve a aprobación.”

CONSIDERACIÓNS

Con data 29 de abril de 2022 esta Concellaría emitiu proposta de modificación da Ordenanza 1.03 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, que foi informada favorablemente pola Tesourería con data 29 de abril de 2022.

Asesoría Xurídica e Intervención informaron o expediente con datas 23 de maio e 14 de xullo de 2022, respectivamente. Ante as observacións contidas neses informes, esta Concellaría solicitou informe de Tesourería, que foi emitido o 21 de xullo de 2022. En base aos informes citados modifícase a redacción dos artigos 3.1 e 3.2 da proposta inicial.

Con data 26 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno Local aprobou a proposta de modificación. Con data 5 de setembro de 2022 a Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas emitiu ditame favorable.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Aprobación da modificación da Ordenanza 1.03 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.”

Sometida a votación a modificación da ordenanza, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, 12 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP e de CA (7 PP e 5 CA), e 1 abstención correspondente á concelleira presente do grupo municipal do BNG, polo que ao non acadar a votación a maioría simple de votos a favor da mesma, queda rexeitada a aprobación da modificación da Ordenanza 1.03 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

4. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00037111C.
Aprobación de expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-13 financiado co RLTX 2021, e imputación orzamentaria dos pagos efectuados mediante adeudo directo en conta bancaria de titularidade municipal durante o ano 2021.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación achegada, informes e documentación xustificativa, que forma parte deste expediente de solicitude de habilitación de crédito, crédito

extraordinario por importe de 110.398,49 euros, que permita a imputación orzamentaria da totalidade daqueles pagos efectuados mediante adeudo directo en conta bancaria de titularidade municipal durante o ano 2021.

2. Considerando que con base no acordo do Consello de Ministros de data 27.07.2021, co pronunciamento favorable da maioría absoluta do Congreso de Deputados na súa sesión plenaria celebrada o 13.09.2021, de invocar a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española e, en coherencia co dito mandato a do artigo 11.3 da LOEFS polo cal, con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como a aplicación da regra do gasto durante o exercicio 2022 (ao igual que xa acontecera con anterioridade para os exercicios 2020 e 2021).

3. Tendo en consideración a resolución nº 2022/4163 de 11.04.2022 da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local pola que se aproba a liquidación do Orzamento Municipal do exercicio 2021 do Concello de Santiago de Compostela e do organismo autónomo do Auditorio de Galicia, onde se recoñece a existencia dun Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX 2021 en diante) de importe 23.231.476,17 euros.

4. Tendo en consideración que no acordo de aprobación plenaria do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-03, e aos efectos de continuar coa aplicación prioritaria do saldo restante do RLTGX 2021, se tomou o acordo de reserva do saldo actual do RLTGX 2021 por importe de 3.937.147,03 € para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes.

5. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de crédito extraordinario con código de expediente 2022-CREXT-13 de importe total de **110.398,49 euros**, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2021, que posibilita a imputación ao orzamento actual na aplicación orzamentaria cuxa habilitación se propón da totalidade dos pagos efectuados mediante adeudo directo en conta bancaria de titularidade municipal durante o ano 2021.

6. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 21.07.2022.

7. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria asinado con data de 21.07.2022 e con número de referencia 67/2022.

8. Visto o informe proposta de acordo plenario asinado en data de 28.07.2022 polo director de Área de Recursos Humanos, Avaliación, Modernización e Réxime Interior, que conta coa conformidade coa mesma data da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, de levantamentos dos reparos formulados pola intervención municipal nos seus informes nº 65/2021 de data 22.02.2021, 398/2021 de data 31.05.2021 e 450/2021 de data 11.06.2021, en relación a gastos efectivamente realizados (tendo en conta o informe do responsable do parque móbil) e pagados mediante o sistema de domiciliación por importe total de 110.398,49 euros.

9. Visto o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente.

10. Visto o acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de 08.08.2022 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-13 de importe total de **110.398,49** €, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2021, e imputación orzamentaria dos pagos efectuados mediante adeudo directo en conta bancaria de titularidade municipal durante o ano 2021.

11. Visto o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión extraordinaria do día 05.09.2022.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Comunicación de 02.06.2021 da Comisión Europea de mantemento da suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape para o exercicio 2022.

Acordo do Consello de Ministros de 27 de xullo do 2021 de solicitar ao Congreso dos Deputados a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que a leva a unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución española e no artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 13 de setembro do 2021 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra do gasto e Endebedamento para o exercicio 2022 e se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.

Bases 12ª, 13ª e 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo do peche e da liquidación do orzamento do exercicio 2021, aprobada mediante resolución núm. 2022/4163 de 11 de abril, da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, púxose de manifesto a existencia dun Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais en 23.231.476,17 €, o cal pode destinarse, de acordo cos usos que prevén os artigos 172 a 182 do TRLRFL, para financiar modificacións orzamentarias sempre que se teñan en consideración as prioridades na orde de pago enumeradas no artigo 135 da Constitución Española e no artigo 187 do TRLRFL, que recollen en primeiro lugar os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das Administracións, os gastos de persoal, e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

E se ben é certo que o Congreso dos Deputados apreciou en sesión de 13 de setembro de 2021 que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais durante o exercicio 2022, tal e coma indica a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda no seu documento “Preguntas frecuentes sobre las consecuencias de la suspensión de las reglas fiscales en 2020 y 2021 en relación con las comunidades autónomas y las entidades locales”:

4. *“La suspensión de las reglas fiscales no implica otra correlativa de las obligaciones que tienen las administraciones públicas con terceros, y, concretamente, con los proveedores.”*

6. *“El superávit de los entes territoriales se debería destinar a la obligación de atender o cancelar la cuenta 413, al pago a proveedores de modo que se cumpla con el plazo máximo establecido en la normativa de medidas de lucha contra la morosidad, así como a financiar déficits durante la suspensión, con eso se evita el incremento neto de endeudamiento necesario para financiar aquellos. A estos efectos, hay que tener en cuenta que, en todo caso, el cumplimiento de las obligaciones de atender la cuenta 413 y cumplir con el plazo máximo de pago a proveedores no está afectado por la medida de la suspensión.”*

Neste sentido, e segundo se desprende da acta de arqueo realizada con motivo da liquidación do orzamento do exercicio 2021, existen pagos efectuados polo Concello no ano 2021 mediante adeudo directo en contas bancarias de titularidade municipal por importe de 110.398,49 euros, que se corresponden con conceptos de gasto en peaxes, carburantes e aditivos dos vehículos do parque móbil do concello de Santiago de Compostela, que non se encontran imputados ao orzamento municipal.

Aos efectos de poder aprobar a imputación ao orzamento destes cargos en conta producidos no ano 2021, e continuar coa aplicación prioritaria do saldo restante do RLTX 2021, preséntase este expediente de crédito extraordinario, por importe de **110.398,49 euros**, dispoñendo para elo de parte da reserva de crédito acordada no expediente 2022-CREXT-03 do saldo actual do RLTX 2021 por importe de 3.937.147,03 euros para atender ao saldo restante de OPAS e o pagamentos domiciliados nas contas bancarias municipais en relación a gastos de combustible e peaxes, saldo que xa foi minorado previamente coa aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 nun importe de 1.362.468,81 euros para saldar OPAS, polo expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-11 nun importe de 603.436,46 euros para saldar OPAS, polo expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-12 nun importe de 154.438,32 euros para saldar OPAS e que se propón minorar coa presente proposta de aprobación plenaria de expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-13 nun importe de 110.290,79 euros, de xeito que posibilibite a imputación no orzamento actual destes pagos domiciliados do ano 2021.

Neste sentido, aínda que o importe que se pretende habilitar crédito é de 110.398,49 euros, o importe retido para esta finalidade no acordo adoptado con motivo de aprobación do expediente 2022-CREXT-03 era de 110.290,79 euros.

III. DETERMINACIÓN DO IMPORTE PENDENTE DE APLICAR NO CONCELLO EN RELACIÓN AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS RESULTANTE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2021

O importe do remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento do Concello do exercicio 2021 (en diante RLTGX 2021) foi de 23.231.476,17 euros.

Ao longo do presente exercicio fíxose uso deste recurso financeiro seguindo a normativa vixente, co detalle do seguinte cadro explicativo:

Detalle da aplicación actual do RLTGX do exercicio 2021

Importe do RLTGX do exercicio 2021		23.231.476,17	
Importe de saldo OPAS liquidación orzamento 2021		8.256.814,84	
			Expediente aprobado ou en tramitación
Aplicación realizada para saldo OPAS e Pagos domiciliados sen imputación orzamentaria 2021	Financiamento	Importe	
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2021) para OPAS e outros gastos	RLTGX 2021	2.344.490,83	2022-INCOOR-06
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2021) para OPAS e outros gastos	RLT afectado	944.099,91	
Pagamento saldo OPAS con cargo aos créditos iniciais do orzamento 2022	Recurso ordinario	281.587,33	
Aplicación do RLTGX para OPAS derivadas da carga e outros gastos financeiros	RLTGX 2021	232.479,47	2022-CREXT-02
Aplicación do RLTGX para OPAS derivadas de facturas abonadas incluídas no MPP	RLTGX 2021	117.024,57	2022-CREXT-02
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	789.468,81	2022-CREXT-03
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	1.362.427,86	2022-CREXT-07
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	603.436,46	2022-CREXT-11 (en trámite)
Aplicación do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	154.438,32	2022-CREXT-12 (en trámite)
Aplicación do RLTGX para Pagos domiciliados 2021 sen imputación orzamentaria	RLTGX 2021	110.398,49	2022-CREXT-13 (en trámite)
Saldo de OPAS e PPA con crédito habilitado		6.939.852,05	
Reserva prioritaria orixinal do RLTGX 2021 para saldar OPAS sen crédito	RLTGX 2021	3.826.856,24	2022-CREXT-03
Reserva prioritaria orixinal do RLTGX 2021 para pagamentos domiciliados en conta	RLTGX 2021	110.290,79	2022-CREXT-03
Suma de importes da reserva prioritaria orixinal de aplicación do RLT para GX do 2021		3.937.147,03	2022-CREXT-03
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	1.362.427,86	2022-CREXT-07
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	603.436,46	2022-CREXT-11 (en trámite)
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	154.438,32	2022-CREXT-12 (en trámite)
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para Pagos domiciliados 2021	RLTGX 2021	110.290,79	2022-CREXT-13 (en trámite)
Saldo pendente da reserva prioritaria de aplicación do RLT para GX do 2021		1.706.553,60	2022-CREXT-13
Saldo pendente de aplicar do RLTGX 2021 para outras finalidades		15.810.757,76	
			Expediente aprobado
Outras aplicacións do RLTGX 2021	Financiamento	Importe	
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2021) para subvencións	RLTGX 2021	1.315.769,99	2022-INCOOR-07
Incorporación de remanentes para vehículos eléctricos (2021-CREXT-10)	RLTGX 2021	370.493,48	2022-INCOOR-07
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2021) para outros gastos	RLTGX 2021	286.228,69	2022-INCOOR-08
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para proxecto RLTOU e RLTOR	RLTGX 2021	1.776.025,67	2022-CREXT-04
Suplemento de crédito para proxecto de gasto 2020/2/OBCSC/18	RLTGX 2021	58.206,72	2022-SUPLE-04
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para pagamento de sentenzas e obrigas	RLTGX 2021	3.998.833,46	2022-CREXT-05
Axudas e actuacións de impulso na reconstrución económica e social	RLTGX 2021	1.955.000,00	2022-CREXT-08
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para actividades e axudas	RLTGX 2021	1.420.000,00	2022-SUPLE-05
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para novos investimentos	RLTGX 2021	3.322.359,40	2022-CREXT-09 (en trámite)
Crédito extraordinario para habilitación de crédito para aboamento act. tarifas recinto feiral Anio	RLTGX 2021	846.883,28	2022-CREXT-10 (en trámite)
Suma de aplicacións previstas en expedientes en tramitación plenaria		15.349.800,69	
Saldo pendente de aplicar do RLTGX 2021		460.957,07	

Do establecido no cadro anterior dedúcese que o importe aplicado ata o momento actual do RLT para GX resultante da liquidación do Concello do exercicio 2021 para OPAS e outros gastos preferentes foi de 5.603.766,32 euros e que, do importe de 1.816.844,39 euros aínda reservado do saldo do RLTGX 2021 para atender aquelas OPAS non incluídas nos expedientes anteriores e pagos domiciliados, empregáranse **110.398,49 euros** neste expediente. Considerando tamén o importe aplicado e previsto aplicar para outras finalidades que se detallan no cadro anterior, queda en pendente de aplicar deste recurso financeiro para outras finalidades o importe de 460.957,07 euros.

IV. APLICACIÓN DO RLTGX 2021 PARA COBERTURA ORZAMENTARIA DOS PAGOS EFECTUADOS MEDIANTE ADEUDO DIRECTO EN CONTAS BANCARIAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DURANTE O ANO 2021

Segundo se recolle nos informes e documentación xustificativa achegada que forma parte deste expediente, existen unha serie de pagos efectuados mediante adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal durante o ano 2021 por importe total de 110.398,49 euros, que precisan da correspondente habilitación de crédito que permita a súa imputación no orzamento actual.

No momento actual, estase en condicións de habilitar crédito para a totalidade destes pagos efectuados mediante adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal durante o ano 2021 cuxo recurso de financiamento se preveu o RLTGX 2021.

A tramitación do expediente de crédito extraordinario que se propón aprobar ten o seguinte detalle:

- HABILITACIÓN dun crédito extraordinario por importe de 110.398,49 euros, financiado co RLTGX 2021, para atender a totalidade dos pagos efectuados mediante adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal durante o ano 2021 que teñen a súa correspondencia co gasto en peaxes, carburantes e aditivos dos vehículos do parque móbil do concello de Santiago de Compostela e que non se encontran imputados ao orzamento municipal, co seguinte detalle:

Data cargo en conta	Importe
05/01/2021	7.932,37
12/01/2021	22,05
04/02/2021	8.221,62
05/03/2021	7.626,62
07/04/2021	9.412,63
13/04/2021	24,20
04/05/2021	9.231,79
11/05/2021	12,25
04/06/2021	10.088,42
14/06/2021	36,75
06/07/2021	10.119,24
11/07/2021	12,10
04/08/2021	9.174,17
11/08/2021	37,15
06/09/2021	8.538,16
05/10/2021	9.689,79
12/10/2021	7,00
04/11/2021	10.659,97
12/11/2021	18,50
06/12/2021	9.475,46
11/12/2021	58,25
	110.398,49

A proposta de aplicación é a seguinte:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
PPA (2021 030 92000 2210300)	2	030 92000 2210399		40	CE	110.398,49
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						110.398,49
TOTAL PPA (5550) INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 2022-CREXT-13						110.398,49
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2021 - APLICACIÓN 87000						

Polo tanto é necesario habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía de **110.398,49 euros** para dar cobertura a totalidade dos pagos efectuados mediante adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal durante o ano 2021 que teñen a súa correspondencia co gasto en peaxes, carburantes e aditivos dos vehículos do parque móbil do concello de Santiago de Compostela e que non se encontran imputados ao orzamento municipal.

V. FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.

O artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, establece que os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso deste expediente de crédito extraordinario financíase coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2021.

VI. RESERVA DUNHA PARTE DO IMPORTE DO RLTGX 2021 PARA ATENDER O SALDO DE OPAS E OS PAGAMENTOS DOMICILIADOS NAS CONTAS BANCARIAS MUNICIPAIS PROCEDENTES DO GASTO EN COMBUSTIBLE E PEAXES.

Considerando o importe polo cal é preciso habilitar crédito neste expediente que se presenta, para continuar coa tramitación das restantes facturas e xustificantes de gasto pendentes de aplicar ao orzamento que se financian con RLTGX 2021, propónse dispor de 110.290,79 euros do saldo actual de 1.816.844,39 euros reflectidos no acordo orixinal de reserva do saldo restante do RLTGX 2021 tomado no expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-03 e xa minorado pola disposición deste saldo acordado coa tramitación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 de importe 1.362.427,86 euros, coa tramitación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-11 nun importe de 603.436,46 euros e coa tramitación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-12 nun importe de 154.438,32 euros.

Considerando o exposto anteriormente, o importe do saldo prioritario, unha vez aprobado este expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-13 de importe

110.398,49 euros (para esta finalidade o importe reservado e que se minora neste acordo era de 110.290,79 euros), sería de 1.706.553,60 euros, co seguinte detalle:

Reserva prioritaria orixinal do RLTGX 2021 para saldar OPAS sen crédito	RLTGX 2021	3.826.856,24	2022-CREXT-03
Reserva prioritaria orixinal do RLTGX 2021 para pagamentos domiciliados en conta	RLTGX 2021	110.290,79	2022-CREXT-03
Suma de importes da reserva prioritaria orixinal de aplicación do RLT para GX do 2021		3.937.147,03	2022-CREXT-03
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	1.362.427,86	2022-CREXT-07
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	603.436,46	2022-CREXT-11 (en trámite)
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para OPAS	RLTGX 2021	154.438,32	2022-CREXT-12 (en trámite)
Disposición de reserva prioritaria orixinal do RLTGX para Pagos domiciliados 2021	RLTGX 2021	110.290,79	2022-CREXT-13 (en trámite)
Saldo pendente da reserva prioritaria de aplicación do RLT para GX do 2021		1.706.553,60	2022-CREXT-13

VII. LEVANTAMENTOS DOS REPAROS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL EN RELACIÓN COS PAGAMENTOS DOMICILIADOS NAS CONTAS BANCARIAS MUNICIPAIS PROCEDENTES DO GASTO EN COMBUSTIBLE E PEAXES.

Consta na documentación achegada ao expediente copia dos reparos suspensivos emitidos pola intervención municipal en relación aos pagamentos efectuados mediante o sistema de domiciliación bancaria en contas de titularidade municipal procedentes do gasto en combustible e peaxe acreditados polo responsable do parque móbil municipal e que supoñen ao longo do ano 2021 un importe de 110.398,49 euros.

Os reparos suspensivos traen causa en que a domiciliación bancaria como medio de pago non é un dos medios permitidos pola normativa xeral de aplicación á execución do gasto público. Por este motivo esencialmente, e pola consecuencia do mesmo é polo que Intervención Xeral Municipal, formula reparos suspensivos aos pagos efectuados mediante adeudo directo en conta bancaria de titularidade municipal, en aplicación, do artigo 216.2 letra a do Real Decreto Legislativo 2/2004.

O Tesoureiro Municipal, con data de 20.07.2022, emite informe ao respecto dos reparos suspensivos formulados pola Intervención Xeral Municipal, concordando coa mesma, en que o sistema de pago mediante o sistema de domiciliación bancaria non é o correcto, e non existindo discrepancia, procede levar ao Pleno da Corporación Municipal unha proposta de levantamento destes reparos suspensivos.

De conformidade co establecido nas bases 12ª, 13ª e 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022, nos artigos 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e os artigos 34, 35, 36, 37, 38 e 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Levantamentos dos reparos suspensivos formulados pola intervención municipal nos seus informes nº 65/2021 de data 22.02.2021, 398/2021 de data 31.05.2021 e 450/2021 de data 11.06.2021, que afectan a gastos efectivamente realizados no ano 2021 (segundo se acredita no informe do responsable do parque móbil que se achega neste expediente) e que constan pagados mediante o sistema de adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal por un importe de 110.398,49 euros.

SEGUNDO: Dispor de **CENTO DEZ MIL DOUSCENTOS NOVENTA EUROS, CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (110.290,79 EUROS)** do saldo reservado na actualidade do RLTGX 2021 por importe de **UN MILLÓN OITOCENTOS**

DEZASEIS MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS, CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (1.816.844,39 EUROS) cuxo acordo se tomou ao abeiro do expediente 2022-CREXT-03 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes, importe que xa foi minorado con motivo da aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 nun importe de 1.362.427,86 euros, pola aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-11 nun importe de 603.436,46 euros e pola proposta de acordo plenario de crédito extraordinario 2022-CREXT-12 de importe 154.438,32 euros.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-13 para atender a totalidade dos pagos efectuados mediante adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal durante o ano 2021 que teñen a súa correspondencia co gasto en peaxes, carburantes e aditivos dos vehículos do parque móbil do concello de Santiago de Compostela e que non se encontran imputados ao orzamento municipal, por importe de **CENTO DEZ MIL TRESCENTOS NOVENTA E OITO EUROS, CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (110.398,49 EUROS)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 110.398,49 euros para atender a totalidade dos pagos efectuados mediante adeudo directo en contas bancarias de titularidade municipal a 31/12/2021 que teñen a súa correspondencia con gastos en peaxes, carburantes e aditivos dos vehículos do parque móbil do concello de Santiago de Compostela e que non se encontran imputados ao orzamento municipal, financiado con RLT para GX do exercicio 2021, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2021 030 92000 2210300)	2	013 92000 2210399		40	CE	110.398,49
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						110.398,49
TOTAL PPA (555) INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 2022-CREXT-13						110.398,49
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2021 - APLICACIÓN 87000						

B) Financiamento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **110.398,49 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	110.398,49 €
2.- Financiamento	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	110.398,49 €

CUARTO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-13 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

QUINTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-13, se contra el non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

SEXTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-13 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

SÉTIMO: Aprobar a imputación ao orzamento actual na aplicación orzamentaria cuxa habilitación se propón no apartado segundo a totalidade dos pagos efectuados mediante adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal producidas no ano 2021.

OITAVO: Condicionar a eficacia do punto anterior á toma de acordo favorable formulado no apartado primeiro e á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2022-CREXT-13.

NOVENO: Actualizar o importe da reserva dunha parte do saldo actual do RLTXG 2021 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes determinándose en **UN MILLÓN SETECENTOS SEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS, CON SESENTA CÉNTIMOS (1.706.553,60 EUROS)**.

Son debatidos conxuntamente o presente punto e o suplemento de crédito 2022-SUPLE-06.

Durante o debate auséntase durante un breve espazo de tempo o señor alcalde.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 5 CA e 1 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Levantamentos dos reparos suspensivos formulados pola intervención municipal nos seus informes nº 65/2021 de data 22.02.2021, 398/2021 de data 31.05.2021 e 450/2021 de data 11.06.2021, que afectan a gastos efectivamente realizados no ano 2021 (segundo se acredita no informe do responsable do parque móbil que se achega neste expediente) e que constan pagados mediante o sistema de adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal por un importe de 110.398,49 euros.

SEGUNDO: Dispor de CENTO DEZ MIL DOUSCENTOS NOVENTA EUROS, CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (110.290,79 EUROS) do saldo reservado na actualidade do RLTGX 2021 por importe de UN MILLÓN OITOCENTOS DEZASEIS MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS, CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (1.816.844,39 EUROS) cuxo acordo se tomou ao abeiro do expediente 2022-CREXT-03 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes, importe que xa foi minorado con motivo da aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-07 nun importe de 1.362.427,86 euros, pola aprobación do expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-11 nun importe de 603.436,46 euros e pola proposta de acordo plenario de crédito extraordinario 2022-CREXT-12 de importe 154.438,32 euros.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-13 para atender a totalidade dos pagos efectuados mediante adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal durante o ano 2021 que teñen a súa correspondencia co gasto en peaxes, carburantes e aditivos dos vehículos do parque móbil do concello de Santiago de Compostela e que non se encontran imputados ao orzamento municipal, por importe de CENTO DEZ MIL TRESCIENTOS NOVENTA E OITO EUROS, CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (110.398,49 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2021.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 110.398,49 euros para atender a totalidade dos pagos efectuados mediante adeudo directo en contas bancarias de titularidade municipal a 31/12/2021 que teñen a súa correspondencia con gastos en peaxes, carburantes e aditivos dos vehículos do parque móbil do concello de Santiago de Compostela e que non se encontran imputados ao orzamento municipal, financiado con RLT para GX do exercicio 2021, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS (2021 030 92000 2210300)	2	013 92000 2210399		40	CE	110.398,49
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						110.398,49
TOTAL PPA (555) INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 2022-CREXT-13						110.398,49
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2021 - APLICACIÓN 87000						

B) Financiamiento:

2.c).- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **110.398,49 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	110.398,49 €
2.- Financiamiento	

c) Remanente de tesourería para gastos xerais	110.398,49 €
---	--------------

CUARTO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-13 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

QUINTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2022-CREXT-13, se contra el non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

SEXTO: Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-13 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

SÉTIMO: Aprobar a imputación ao orzamento actual na aplicación orzamentaria cuxa habilitación se propón no apartado segundo a totalidade dos pagos efectuados mediante adeudo directo nas contas bancarias de titularidade municipal producidas no ano 2021.

OITAVO: Condicionar a eficacia do punto anterior á toma de acordo favorable formulado no apartado primeiro e á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2022-CREXT-13.

NOVENO: Actualizar o importe da reserva dunha parte do saldo actual do RLTXG 2021 para atender o saldo restante de OPAS que permita a cancelación da totalidade da conta 413 e o importe daqueles cargos domiciliados nas contas bancarias municipais realizadas no ano 2021 que se corresponden con domiciliacións de gastos de combustible e peaxes determinándose en UN MILLÓN SETECENTOS SEIS MIL CINCOCECIENTOS CINCUENTA E TRES EUROS, CON SESENTA CÉNTIMOS (1.706.553,60 EUROS).

5. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00039752Q.
Proposta de aprobación plenaria de expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-06 de Informática para completar a achega municipal para o proxecto denominado “Despregamento de SOC para o Concello de Santiago de Compostela compatible con ferramentas do CCN, e actuacións complementarias”, baixo a codificación 2022 2 NGINF 11.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1 Vista a solicitude presentada en expediente electrónico (número de encargo 50778) pola Concelleira delegada de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, en base ao manifestado polo director de área

de Modernización, Innovación e Calidade, responsable administrativo do centro xestor 44 Informática, de solicitude de tramitación dun expediente de suplemento de crédito

2. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de modificación de crédito, de crédito extraordinario -baixo a codificación 2022-SUPLE-06, por un importe total de 467.587,67€, financiado baixas por anulación, así como a documentación complementaria.

3. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 24.08.2022.

4. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria con número de referencia 75/2022.

5. Visto o informe da Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de suplemento de crédito.

6. Visto o acordo da Xunta de Goberno extraordinaria e urxente de 26.08.2022 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-06.

7. Visto o ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas de 05.09.2022 sobre acordo de aprobación do expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-06.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

1.Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

2.Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

3.Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

4.Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

5.Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

6.Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e as súas modificacións.

7.Bases 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Consonte co previsto no artigo 177 do real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 35, 36 e 37 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte e non exista non orzamento actual o crédito suficiente para poder executalo, deberá incoarse un expediente de crédito extraordinario. O expediente deberá conter a concreta aplicación orzamentaria a dotar e o medio ou recurso que haberá de financiar o aumento que se propón.

Neste sentido, cómprense os requisitos para a aprobación dun expediente de suplemento de crédito, co número de expediente de referencia 2022-SUPLE-06, posto que queda acreditada a especificidade e determinación do gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a seu carácter inmediato e urxente sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

2. Tal e coma se indicou anteriormente, esta modificación ten por obxecto completar a achega municipal para a execución dun proxecto subvencionado pola UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos NextGenerationEU “Despregamento de SOC para o Concello de Santiago de Compostela compatible con ferramentas do CCN, e actuacións complementarias”. A subvención, por importe de 364.004,74 euros, foi outorgada mediante Resolución de 18.05.2022 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política Territorial pola que se comunica ás axudas concedidas ao abeiro da Orde TER/1204/2021 e confirmada na comunicación de 26.07.2022 de aceptación da proposta de modificación do proxecto. Recolleuse na contabilidade municipal mediante a resolución de Alcaldía n.º 2022/9269, de 11 de agosto. A nova valoración, segundo prezos de mercado, foi comunicada ao Ministerio o 18 de agosto de 2022.

O resumo da proposta de modificación orzamentaria aquí exposta tería o seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2022-SUPLE-06)						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACION							
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación	
Transformación dixital e modernización das administracións das EELL	030	92001	6260001	2022 2 NGINF 11	413.070,07	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e disposto que financia no ano 2016 este proxecto	030	92001	6410000	2016 2 INFOR 32	134.330,00	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco de Sabadell S.A. formalizado e disposto no ano 2017 que financiaba este proxecto	030	92001	6410000	2017 2 INFOR 20	25.952,06	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 este proxecto	030	92001	6260001	2021 2 INFOR 11	124.971,89	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 este proxecto	030	92001	6410003	2021 2 INFOR 11	81.654,40	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	6260002	2022 2 INFOR 10	46.161,72	
Transformación dixital e modernización das administracións das EELL	030	92001	6410003	2022 2 NGINF 11	54.517,74		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	6260002	2022 2 INFOR 10	29.107,74	
						Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	640000	2022 2 NGINF 11	25.410,00		
					467.587,81								467.587,81

O financiamento deste expediente de modificación de crédito procede de créditos dispoñibles nas aplicacións e proxectos que se describen a continuación, pertencentes ao mesmo centro xestor e destinados inicialmente á adquisición de software e hardware toda vez que, segundo se expón no informe-proposta que da lugar a este expediente, se desprende o desestimento das actuacións previstas debido ao establecemento de novas prioridades municipais, ás que este proxecto dará resposta, en materia de protección da infraestrutura do Concello mediante o axeitado despregamento da infraestrutura de ciberseguridade e garantía da capacidade de almacenamento e de cálculo. O detalle do financiamento é o seguinte:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito anterior	Importe Baixas por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e disposto que financia no ano 2016 este proxecto	44	030	92001	6410000	2016 2 INFOR 32	134.330,00	134.330,00	0,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco de Sabadell S.A. formalizado e disposto no ano 2017 que financiaba este proxecto		030	92001	6410000	2017 2 INFOR 20	64.717,61	25.952,06	38.765,55
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 este proxecto		030	92001	6260001	2021 2 INFOR 11	170.217,46	124.971,89	45.245,57

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito anterior	Importe Baixas por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 este proxecto		030	92001	6410003	2021 2 INFOR 11	168.000,00	81.654,40	86.345,60
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto		030	92001	6260002	2022 2 INFOR 10	95.000,00	75.269,46	19.730,54
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto		030	92001	640000	2022 2 NGINF 11	25.410,00	25.410,00	0,00
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN						657.675,07	467.587,81	190.087,26

Para tal fin, constan os documentos contables RC que financian o suplemento de crédito cos números de operación 220220019285 e 220220019282 e números de referencia 22022009070, 22022009071, 22022009072, 22022009073, 22022009074 e 22022009067, respectivamente.

3. Ao abeiro do disposto na disposición adicional 7ª.1 do Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, segundo a modificación introducida polo Real Decreto-lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, o acordo plenario que se adopte terá carácter de executivo, sen prexuízo das reclamacións que contra el se promoveran, as cales deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro do dito prazo.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de **suplemento de crédito baixo o número de expediente 2022-SUPLE-06 por importe de CATROCIENTOS SESENTA E SETE MIL CINCOCENTOS OITENTA E SETE EUROS E SESENTA E SETE CÉNTIMOS (467.587,67 EUROS)** para completar a achega municipal correspondente á execución do proxecto subvencionado pola UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos NextGenerationEU “Despregamento de SOC para o Concello de Santiago de Compostela compatible con ferramentas do CCN, e actuacións complementarias”.

En resumo:

SUPLEMENTO DE CREDITO (2022-SUPLE-06)					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACION								
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación	
Transformación dixital e modernización das administracións das EELL	030	92001	6260001	2022 2 NGINF 11	413.070,07	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e disposto que financia no ano 2016 este proxecto	030	92001	6410000	2016 2 INFOR 32	134.330,00	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco de Sabadell S.A. formalizado e disposto no ano 2017 que financiaba este proxecto	030	92001	6410000	2017 2 INFOR 20	25.952,06	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 este proxecto	030	92001	6260001	2021 2 INFOR 11	124.971,89	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 este proxecto	030	92001	6410003	2021 2 INFOR 11	81.654,40	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	6260002	2022 2 INFOR 10	46.161,72	
Transformación dixital e modernización das administracións das EELL	030	92001	6410001	2022 2 NGINF 11	54.517,74		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	6260002	2022 2 INFOR 10	29.107,74	
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	6400000	2022 2 NGINF 11	25.410,00	
					467.587,81								467.587,81

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO				
Descrición	Aplicación orzamentaria			Importe
Transformación dixital e modernización das administracións das EELL	030	92001	6260001	413.070,07
	030	15321	6410001	54.517,74
				467.587,81

B) Financiamento: baixas por anulación

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e disposto que financia no ano 2016 este proxecto	030	92001	6410000	2016 2 INFOR 32	134.330,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco de Sabadell S.A. formalizado e disposto no ano 2017 que financiaba este proxecto	030	92001	6410000	2017 2 INFOR 20	25.952,06
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 este proxecto	030	92001	6260001	2021 2 INFOR 11	124.971,89
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 este proxecto	030	92001	6410003	2021 2 INFOR 11	81.654,40
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	6260002	2022 2 INFOR 10	75.269,46
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	6400000	2022 2 NGINF 11	25.410,00
					467.587,81

En consecuencia, os proxectos afectados experimentarán as seguintes variacións de crédito:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito anterior	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Transformación dixital e modernización das administracións das EELL	44	030	92001	6260001	2022 2 NGINF 11	35.839,93	413.070,07	448.910,00
		030	92001	6400000	2022 2 NGINF 11	25.410,00	-25.410,00	0,00
		030	92001	6410001	2022 2 NGINF 11	395.039,01	54.517,74	449.556,75
Investimentos en software para o Concello		030	92001	6410000	2016 2 INFOR 32	134.330,00	-134.330,00	0,00
Software para o departamento de informática municipal		030	92001	6410000	2017 2 INFOR 20	64.717,61	-25.952,06	38.765,55
Investimentos do departamento de Informática municipal		030	92001	6260001	2021 2 INFOR 11	170.217,46	-124.971,89	45.245,57
		030	92001	6410003	2021 2 INFOR 11	168.000,00	-81.654,40	86.345,60
Investimentos do departamento de Informática municipal		030	92001	6260002	2022 2 INFOR 10	95.000,00	-75.269,46	19.730,54
TOTAL SUPLEMENTO DE CREDITO 2022-SUPLE-06						1.088.554,01	0,00	1.088.554,01

C) Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	467.587,67€
2.- Financiamento	
b) Baixas por anulación.....	467.587,67€

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-06 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL, sen prexuízo do seu carácter inmediatamente executivo ao abeiro do establecido na disposición adicional 7ª do Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2022-SUPLE-06 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de CA (10 PSdeG-PSOE e 5 CA) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP e do BNG (7 PP e 1 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2022-SUPLE-06 por importe de CATROCIENTOS SESENTA E SETE MIL CINCOCENTOS OITENTA E SETE EUROS E SESENTA E SETE CÉNTIMOS (467.587,67 EUROS) para completar a achega municipal correspondente á execución do proxecto subvencionado pola UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos NextGenerationEU

“Despregamento de SOC para o Concello de Santiago de Compostela compatible con ferramentas do CCN, e actuacións complementarias”.

En resumo:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO (2022-SUPLE-06)						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe MC	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Transformación dixital e modernización das administracións das EELL	030	92001	6260001	2022 2 NGINF 11	413.070,07	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e disposto que financia no ano 2016 este proxecto	030	92001	6410000	2016 2 INFOR 32	134.330,00
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco de Sabadell S.A. formalizado e disposto no ano 2017 que financiaba este proxecto	030	92001	6410000	2017 2 INFOR 20	25.952,06
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 este proxecto	030	92001	6260001	2021 2 INFOR 11	124.971,89
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 este proxecto	030	92001	6410003	2021 2 INFOR 11	81.654,40
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	6260002	2022 2 INFOR 10	46.161,72
Transformación dixital e modernización das administracións das EELL	030	92001	6410001	2022 2 NGINF 11	54.517,74		Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	6260002	2022 2 INFOR 10	29.107,74
							Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	6400000	2022 2 NGINF 11	25.410,00
					467.587,81							467.587,81

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO				
Descrición	Aplicación orzamentaria			Importe
Transformación dixital e modernización das administracións das EELL	030	92001	6260001	413.070,07
	030	15321	6410001	54.517,74
				467.587,81

B) Financiamento: baixas por anulación

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e disposto que financia no ano 2016 este proxecto	030	92001	6410000	2016 2 INFOR 32	134.330,00
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco de Sabadell S.A. formalizado e disposto no ano 2017 que financiaba este proxecto	030	92001	6410000	2017 2 INFOR 20	25.952,06
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 este proxecto	030	92001	6260001	2021 2 INFOR 11	124.971,89
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Banco Liberbank S.A. formalizado e non disposto que financiaba no ano 2021 este proxecto	030	92001	6410003	2021 2 INFOR 11	81.654,40
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	6260002	2022 2 INFOR 10	75.269,46
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Abanca Corporación bancaria S.A. formalizado e non disposto que financia no ano 2022 este proxecto	030	92001	6400000	2022 2 NGINF 11	25.410,00
					467.587,81

En consecuencia, os proxectos afectados experimentarán as seguintes variacións de crédito:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito anterior	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Transformación dixital e modernización das administracións das EELL	44	030	92001	6260001	2022 2 NGINF 11	35.839,93	413.070,07	448.910,00
		030	92001	6400000	2022 2 NGINF 11	25.410,00	-25.410,00	0,00
		030	92001	6410001	2022 2 NGINF 11	395.039,01	54.517,74	449.556,75
Investimentos en software para o Concello		030	92001	6410000	2016 2 INFOR 32	134.330,00	-134.330,00	0,00
Software para o departamento de informática municipal		030	92001	6410000	2017 2 INFOR 20	64.717,61	-25.952,06	38.765,55
Investimentos do departamento de Informática municipal		030	92001	6260001	2021 2 INFOR 11	170.217,46	-124.971,89	45.245,57
		030	92001	6410003	2021 2 INFOR 11	168.000,00	-81.654,40	86.345,60
Investimentos do departamento de Informática municipal		030	92001	6260002	2022 2 INFOR 10	95.000,00	-75.269,46	19.730,54
TOTAL SUPLEMENTO DE CREDITO 2022-SUPLE-06						1.088.554,01	0,00	1.088.554,01

C) Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	467.587,67€
2.- Financiamento	
b) Baixas por anulación.....	467.587,67€

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-06 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL, sen prexuízo do seu carácter inmediatamente executivo ao abeiro do establecido na disposición adicional 7ª do Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2022-SUPLE-06 se contra o mesmo non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

6. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00036589G.

Proposta ao Pleno da Corporación sobre a forma de xestión do servizo do ciclo integral da auga en Santiago de Compostela.

A proposta é do seguinte teor literal:

“O Pleno da Corporación de 27 de xaneiro de 2022, acordou expresar a vontade de que fora este Pleno o que determinara a forma de xestión do servizo relativo ao ciclo integral da auga.

A xunta de goberno local con data 18.7.2022 adoptou o seguinte acordo:

“1.- Manter a forma de xestión indirecta mediante concesión de servizos, nos termos do artigo 15 en relación cos artigos 284 e seguintes da LCSP, do servizo do ciclo integral da auga en Santiago de Compostela.

2.- Elevar este acordo ao Pleno para a súa aprobación, se procede.”

Posteriormente con data 26.8.2022 propónse á comisión informativa de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas que ditamine sobre o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 18.07.2022

A citada comisión informativa con data do 5 de setembro de 2022 ditaminou favorablemente o seguinte asunto:

“1.- Manter a forma de xestión indirecta mediante concesión de servizos, nos termos do artigo 15 en relación cos artigos 284 e seguintes da LCSP, do servizo do ciclo integral da auga en Santiago de Compostela.

2.- Elevar este acordo ao Pleno para a súa aprobación, se procede.”

A situación do servizo que abarca o denominado ciclo integral da auga no termo municipal de Santiago de Compostela é ben coñecida por todos os gobernos municipais dos últimos 10 anos pois, ademais de ser un dos servizos básicos máis relevantes, se trata dun dos contratos con maior antigüidade do Concello xa que data do ano 1984 aínda que foi modificado no ano 1992 e no 1998. Esta relación contractual, que se presta en réxime de concesión, rematou en maio de 2019 se ben, na actualidade, a concesionaria opera baixo orde de continuidade do servizo ao ter carácter esencial para a cidadanía.

Consonte ó exposto podemos afirmar que a propia antigüidade do contrato lévanos a focalizar o prantexamento do novo na renovación das infraestruturas da rede.

Tal e como se pon de manifesto na memoria elaborada pola directora da área de benestar medioambiental ao respecto das formas de xestión dos servizos públicos, e, cito textualmente:

“A subministración de auga potable é titularidade, competencia e responsabilidade da Administración Local, polo tanto, son os concellos os que deben tutelar e regular as condicións de prestación do servizo. Estas facultades de control nunca se perden, nin tan sequera cando a xestión do servizo se externaliza nunha empresa en réxime de concesión.

Primeiro: *Sobre as posibles formas de xestionar o servizo ao que nos referimos, a LRBRL, coas modificacións introducidas pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), indica no seu artigo 85.2 o seguinte:*

“.....

2. Os servizos públicos de competencia local xestionaranse da forma máis sostible e eficiente de entre as enumeradas a continuación:

A) Xestión directa:

- a. Xestión pola propia Entidade Local.*
- b. Organismo autónomo local.*
- c. Entidade pública empresarial local.*
- d. Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública.*

Só poderá facerse uso das formas previstas nas letras c) e d) cando quede acreditado mediante memoria xustificativa elaborada para o efecto que resultan máis sostibles e eficientes que as formas dispostas nas letras a) e b), para o que se deberán ter en conta os criterios de rendibilidade económica e recuperación do investimento. Ademais, deberá constar no expediente a memoria xustificativa do asesoramento recibido que se elevará ao Pleno para a súa aprobación onde se incluírán os informes sobre o custo do servizo, así como, o apoio técnico recibido, que deberán ser publicitados. Para estes efectos, solicitarase informe do interventor local quen valorará a sustentabilidade financeira das propostas expostas, de conformidade co previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

B) Xestión indirecta, mediante as distintas formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

A forma de xestión pola que se opte deberá ter en conta o disposto no artigo 9 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Lei 7/2007, do 12 de abril, no que respecta ao exercicio de funcións que corresponden en exclusiva a funcionarios públicos.”

A referencia ao TRLCSP debe entenderse na actualidade á LCSP que prevé a concesión de servizos como tipoloxía de contrato á que debe reconducirse a anterior xestión de servizos públicos. Nese sentido maniféstase ou preámbulo dá propia LCSP:

“Este criterio delimitador do contrato de concesión de servizos respecto do contrato de servizos foi asumido por medio de Lei. Por iso, determinados contratos que con arranxo ao réxime xurídico ata o de agora vixente cualificábanse como de xestión de servizos públicos, pero nos que o empresario non asumía o risco operacional, pasan agora a ser contratos de servizos. Agora ben, este cambio de cualificación non supón unha variación na estrutura das relacións xurídicas que resultan deste contrato: mediante o mesmo o empresario pasa a xestionar un servizo de titularidade dunha Administración Pública, establecéndose as relacións directamente entre o empresario e o usuario do servizo.

Por esta razón, na medida que a diferenza entre o contrato ao que se refire o parágrafo anterior e o contrato de concesión de servizos é a asunción ou non do risco operacional polo empresario, é preciso que todo o relativo ao réxime da prestación do servizo sexa similar. Por iso, introduciuse un artigo, o 312, onde se recollen as normas específicas do antigo contrato de xestión de servizos públicos relativas ao réxime substantivo do servizo público que se contrata e que na nova regulación son comúns tanto ao contrato de concesión de servizos cando estes son servizos públicos, o que será o caso máis xeral, como ao contrato de servizos, cando se refira a un servizo público que presta directamente o empresario ao usuario do servizo.

Para identificar a estes contratos que conforme a lexislación anterior eran contratos de xestión de servizos públicos e nesta Lei pasan a ser contratos de servizos, acudíuse a unha das características dos mesmos: que a relación se establece directamente entre o empresario e o usuario do servizo, por iso denomínanse contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor dos cidadáns.” (...)

Como sabemos, o servizo en Santiago de Compostela estase a prestar en réxime de xestión indirecta mediante concesión a unha empresa especializada do sector.

O servizo público que abarca o ciclo integral da auga non deixa de selo polo mero feito de que a súa xestión sexa directa ou indirecta; non obstante, os servizos públicos deben prestarse da forma máis eficiente e sostible para os cidadáns e para a propia administración que o presta, e, a estes efectos, son varios os informes recabados para a toma de decisión pola Corporación municipal.

A conclusión extraída destes documentos se pode resumir na ofrecida pola consultora LAGARES OCA SL, no seu estudio do sistema de xestión do servizo do ciclo integral da auga que foi presentado en xullo de 2020, que, tras analizar a situación actual da rede e do resto das infraestruturas do ciclo integral da auga afirma que *“dadas as múltiples vantaxes que presenta para un concello a concesión do ciclo integral da auga, e dado o carácter contrastado desta modalidade de prestación do servizo público nunha gran maioría de municipios, e considerando ademais a particularidade e magnitude do servizo público de abastecemento, saneamento e depuración, resulta preferible acudir á modalidade de concesión, para levar a cabo a xestión do ciclo integral da auga do Concello de Santiago de Compostela”*.

Ese mesmo é o razoamento dos técnicos municipais, que se concretan na memoria de actuacións elaborada pola directora da área de benestar medioambiental, cuías conclusións, tamén textuais son as seguintes:

“Conclusións:

O servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración que se presta actualmente en réxime de concesión á empresa VIAQUA, rematou en maio de 2019 se ben, na actualidade, a concesionaria opera baixo orde de continuidade do servizo ao ter carácter esencial para a cidadanía. A propia antigüidade do contrato determina que o elemento central do novo servizo sexa a renovación das infraestruturas da rede e a incorporación das novas tecnoloxías de control e xestión das instalacións.

O estudio de viabilidade elaborado pola consultora LAGARES OCA considera uns costes totais de explotación (fixos e variables) estimados da orde dos 9.800.000 euros/ano. Sobre esa cifra é preciso ter en conta a volatilidade de costes variables como a enerxía eléctrica e a súa tendencia alcista actual que pode impoñer unha necesaria revisión deste importe se a tramitación do expediente se demora.

En canto aos custos fixos de explotación dos servizos en conxunto, roldan os 7,0 M €/ano, dos que un 29,65% repercutiría sobre o saneamento, un 43,37% en abastecemento (34,65% en baixa e 8,72 en alta) e un 26,99 en depuración; destes custes fixos, os correspondentes ao persoal ascenderían a unha cantidade aproximada de 4.250.000 euros ano.

As inversións mínimas na rede calculadas polos técnicos municipais ascenderían a uns 44 millóns de euros.

Por tanto, o custes anuais totais estimanse en 15,16 millóns de euros.

Tendo en conta estas cifras e os análises realizados polas diferentes consultoras, e sempre a salvo outra opinión mellor fundada, parece que a forma de xestión do servizo do ciclo integral da auga no termo municipal de Santiago de Compostela máis eficiente e sostible nos termos do artigo 85.2 da LRBRL segue a ser a xestión indirecta mediante concesión de servizo público.”

No caso concreto no que nos atopamos, existe, non obstante, un acordo plenario de data 27 de xaneiro de 2022 na que este órgano impón a súa vontade de decidir a forma de prestación de servizo. Este acordo concreto é o que conleva unha parálise do procedemento de contratación que xa estaba moi avanzado e xera agora esta proposta concreta que a continuación se realiza.

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte o seguinte acordo:

Manter a forma de xestión indirecta mediante concesión de servizos, nos termos do artigo 15 en relación cos artigos 284 e seguintes da LCSP, do servizo do ciclo integral da auga en Santiago de Compostela.”

Rematado o debate e sometido a votación, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 13 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 5 CA e 1 BNG) rexeita:

Manter a forma de xestión indirecta mediante concesión de servizos, nos termos do artigo 15 en relación cos artigos 284 e seguintes da LCSP, do servizo do ciclo integral da auga en Santiago de Compostela.

7. ALCALDÍA. Referencia: 2022/00039969A.

Determinación dos días festivos locais para o ano 2023.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

O Servizo de Mediación, Conciliación e Arbitraje da Coruña solicitoulle ao Concello a determinación dos dous días festivos de carácter retribuído e non recuperable que lle compete fixar para o ano 2023.

CONSIDERACIÓNS

O artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores establece que dúas das festas laborais de carácter retribuído e non recuperable serán de carácter local.

Pola súa banda, o artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, dispón que serán inhábiles as festas locais determinadas pola autoridade laboral a proposta do Pleno do concello.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Fixar como días de festa local de carácter retribuído e non recuperable para o ano 2023 os seguintes:

- 18 de maio de 2023, día da Ascensión.
- 16 de agosto de 2023, San Roque.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

Fixar como días de festa local de carácter retribuído e non recuperable para o ano 2023 os seguintes:

- 18 de maio de 2023, día da Ascensión.
- 16 de agosto de 2023, San Roque.

O Alcalde pecha a sesión ás 12:42 horas. Dou fe.